

## **ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN PARA O VERÁN 2020** **BASES QUE REXEN O “CAMPAMENTO - CONCILIA EN TEMPOS DE COVID-19”**

### **1) OBXECTO**

1.1 O obxecto destas bases é organizar o desenvolvemento do “Campamento–Concilia en tempos de Covid-19”, para proporcionar aos nenos e nenas do Concello de Oza-Cesuras unha alternativa de lecer saudable mediante a realización dunha ampla variedade de actividades de carácter educativo, lúdico e deportivo durante o período de vacacións de verán 2020, concretamente durante os meses de xullo e agosto, co obxectivo de contribuír á conciliación da vida familiar e profesional nestes momentos especialmente delicados pola situación sanitaria sobrevida polo COVID-19 .

1.2 O Concello de Oza-Cesuras non facilitará alimentos aos menores participantes no campamento polo que, de consideralo preciso o/s proxenitor/es que teña/n a súa custodia, deberán traelos da casa.

### **2) DESTINATARIOS E CIRCUNSTANCIAS DE SAÚDE**

2.1 O “Campamento - Concilia en tempos de Covid-19”, está dirixido exclusivamente a nenos/as que reúnan as seguintes condicións:

- a) Con idades comprendidas entre os 3 (escolarizados) e os 12 anos.
- b) Que no momento de publicación destas bases estean empadroados no Concello de Oza-Cesuras tanto o menor coma alomenos un dos proxenitores, e
- c) Que ambos pais estean traballando en horario de mañán, polo que lles resulte imposible conciliar a vida familiar e profesional nestes momentos especialmente delicados pola situación sanitaria sobrevida polo COVID-19.

2.2. Calquera circunstancia de saúde que lle poida afectar ao/a menor (alergias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...) deberase facer constar expresamente na solicitude, debéndose achegar coa mesma, en sobre pechado, un informe médico sobre a diagnose e contendo, no seu caso, instrucións e actuacións que deberá ter en conta o monitorado. No suposto de que non acheguen ese informe médico xunto coa instancia desestimárase a solicitude de participación do/a menor correspondente. O concello de Oza-Cesuras comprométese ao tratamento axeitados destes datos confidenciais, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos.

### **3) PRAZAS E DESENVOLVEMENTO DO CAMPAMENTO**

3.1. PRAZAS: O número máximo de participantes, dada a situación sanitaria sobrevida polo COVID-19, será de 36 nenos/as que serán distribuídos en grupos dun máximo de 8 nenos por grupo.

Se non se acada o número mínimo de 8 participantes non se levará a cabo o “Campamento–Concilia en tempos de Covid-19.”



Non obstante, o concello se o estimase conveniente poderá establecer un procedemento sumario e urxente para admitir novas solicitudes ata que, alomenos, se cubra o total de prazas mínimas previstas.

3.2. Dada a situación sanitaria na que nos atopamos será obrigatorio o uso de mascarilla por parte dos menores participantes xa que non se poderá garantir que se garden as distancias de seguridade ao longo de todo o horario do campamento. As instalacións estarán adaptadas ás medidas sanitarias e hixiénicas precisas por motivo da crise sanitaria do COVID-19.

#### 4) DATA, HORARIOS E DURACIÓN

O “Campamento - Concilia en tempos de Covid-19” levarase a cabo durante os meses de xullo e agosto de 2020 en horario 7:30 a 15:00 horas, conforme o seguinte detalle:

- 7:30 horas: apertura da instalación e chegada do primeiro grupo de nenos/as
- 9:00 horas: chegada do segundo grupo de nenos/as e presentación das actividades
- 9:30 horas: inicio das actividades
- 11:15 horas: merenda
- 11:45 horas: continuación das actividades
- 14:00 horas: recollida do primeiro grupo de nenos/as, avaliación e despedida
- 15:00 horas: recollida do segundo grupo de nenos/as, avaliación e despedida

#### 5) LUGAR DE REALIZACIÓN

O “Campamento - Concilia en tempos de Covid-19” desenvolverase principalmente no Pavillón Polideportivo A Casagrande – Dordaño. Dende donde se poderán realizar desprazamentos a pé para desenvolver actividades complementarias exclusivamente noutros emplacements do municipio, sempre previa autorización expresa do pai/nai/titor/a.

#### 6) COTA DE PARTICIPACIÓN

6.1. A cota de participación, segundo a opción elixida, será a seguinte:

- a) Opción 1 (Horario de 7:30h a 15:00h): 66,00€ por neno/a e mes. O 2º irmán/á terá unha cota de 33,00 €/mes e o 3º irmán/á participante a cota de participación de 21,00 €.
- b) Opción 2 (Horario de 7:30h a 14:00h): 57,00€ por neno/a e mes. O 2º irmán/á terá unha cota de 29,00 €/mes e o 3º irmán/á participante a cota de participación de 18,00 €.



- c) Opción 3 (Horario de 9:00h a 15:00h): 57,00€ por neno/a e mes. O 2º irmán/á terá unha cota de 29,00 €/mes e o 3º irmán/á participante a cota de participación de 18,00 €.
- d) Opción 4 (Horario de 9:00h a 14:00h): 46,00€ por neno/a e mes. O 2º irmán/á terá unha cota de 23,00 €/mes e o 3º irmán/á participante a cota de participación de 15,00 €.

6.2. Ao obxecto de garantir o financiamento da actividade **únicamente se admitirán as solicitudes de baixa que sexan formuladas por escrito e presentadas no rexistro xeral do Concello ou mediante correo electrónico dirixido a [cultura.deportes@concellodeozacesuras.es](mailto:cultura.deportes@concellodeozacesuras.es) ata o día 31 de xullo de 2020 (incluído)** e en ningún caso darán dereito á devolución de cota as solicitudes de inscrición correspondentes a un único mes da actividade (xullo ou agosto).

No suposto de que a solicitude de inscrición sexa para os dous meses da actividade (xullo e agosto), e cando no momento da presentación da solicitude de inscrición se teña efectuado e xustificado o pagamento anticipado das dúas mensualidades (xullo e agosto) a estimación da citada baixa conlevará a devolución da mensualidade correspondente ao segundo mes da mesma (agosto).

As solicitudes de baixa presentadas con posterioridade ao 31 de xullo de 2020 non serán estimadas nin darán lugar en ningún caso á devolución de ningunha cota.

## 7) FORMA DE PAGAMENTO

7.1. O pagamento farase mediante ingreso, con anterioridade ao comezo do campamento, de, alomenos, á primeira mensualidade da actividade na seguinte conta bancaria titularidade do Concello: ABANCA ES84 2080 0051 8831 1000 0071.

7.2. No dito ingreso deberá expresarse como concepto: *“inscrición/ns no campamento concilia en tempos de covid-19, mes de xullo 2020 correspondente/s ao/aos menor/es...”*. Se a inscrición fose para aos meses de xullo e agosto, e se desexe aboar os citados dous meses nun so prazo, o concepto do ingreso bancario sería: *“inscrición/ns no campamento concilia en tempos de covid-19, meses de xullo e agosto 2020 correspondente/s ao/aos menor/es...”*

O pagamento da cota correspondente á segunda mensualidade tamén poderá realizarse autorizando ao Concello de Oza-Cesuras para o seu cobro mediante domiciliación bancaria que se levará a cabo entre os días 1 e 10 de agosto 2020.

## 8) LUGAR E PRAZO DE INSCRICIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1. O prazo de inscrición, que se anunciará na web do concello, comezará ás 00:00h do día 16 de xuño e rematará ás 11:00 h do 22 de xuño (ambos inclusive).

8.2. A solicitude para poder participar nestes campamentos, axustada ao modelo que figura nas presentes bases, poderá presentarse presencialmente no rexistro administrativo municipais sito no lugar de Lois, 33 –Oza, cubrindo o formulario dispoñible na páxina web do concello ou ben de xeito telemático mediante o modelo de solicitude xeral dos procedementos normais da sede electrónica do concello



(<https://ozadosrios.sedelectronica.es>) achegando á mesma o formulario de solicitude dispoñible na web do concello para a realización deste trámite.

Tendo en conta as circunstancias sanitarias excepcionais, admitirase a presentación das solicitudes vía e-mail ao enderezo de correo electrónico [correo@concellodeozacesuras.es](mailto:correo@concellodeozacesuras.es). A data e hora do correo electrónico tomarase como data e hora de inscrición no rexistro xeral do Concello.

8.3. A admisión será por rigorosa orde de inscrición en calquera dos rexistros municipais indicados de conformidade co establecido na cláusula segunda.

### 9) DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR:

- Solicitude de inscrición.
- Autorización expresa a favor do Concello de Oza-Cesuras para comprobar os datos de empadramento do/s menor/es e do/s seu/s proxenitor/es, ou, no caso de non autorizarse expresamente ao concello para esta comprobación, certificados de empadramento das citadas persoas no Concello de Oza-Cesuras.
- Xustificante documental de estar os dous proxenitores traballando en horario de mañá no seu posto de traballo.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria da/o menor.
- No seu caso, o informe médico a que se refire a base 2.2.
- Xustificante bancario de pagamento da/s cota/s, da forma sinalada na base 7.

Oza-Cesuras, na data indicada na sinatura electrónica  
**O ALCALDE,**  
**Asdo. José Pablo González Cacheiro**



## **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO “CAMPAMENTO - CONCILIA EN TEMPOS DE COVID-19”**

D. \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_ Poboación \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_ e teléfono de contacto \_\_\_\_\_, actuando en calidade de pai/nai/titor/a do/s menor/es que de seguido se relacionan;

### **MENOR/ES PARA OS QUE SOLICITA PRAZA:**

NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO
1ª. _____	_____
2ª. _____	_____
3ª. _____	_____
4ª. _____	_____

### **ACHÉGASE A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:**

#### **1.- Xustificante bancario de pagamento:**

- A cota de participación correspondente ao mes de xullo de 2020, por importe de \_\_\_\_\_ €.
- A totalidade da cota de participación (meses de xullo e agosto) por importe de \_\_\_\_\_ €

#### **2.- Certificados de empadramento:**

- Certificados de empadramento no Concello de Oza-Cesuras do/os menor/es para /oos que se solicita/an praza/as así como do/s proxenitor/es que teñen a súa custodia.

*(NOTA: estes certificados so se presentarán no suposto de que non se autorice ao Concello de Oza-Cesuras a consulta relativa a empadramento que máis adiante se precisa).*

#### **3.- Circunstancias laborais dos proxenitores:**

- Xustificante documental de estar os dous proxenitores traballando en horario de mañá no seu posto de traballo.

#### **4.- Tarxeta sanitaria do/os menor/es:**

- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/os menor/es.

#### **5.- Circunstancias de saúde do/s menor/es:**

- Informe médico, ***en sobre pechado***, sobre a diagnose, e, en xeral, sobre instrucións e as actuacións que deberá ter en conta o monitorado.

*(NOTA: este/s informe/es só se presentará/án no suposto de existencia de algunha circunstancia de saúde que lle poida afectar ao/á menor (alerxias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde...)).*

O Concello de Oza-Cesuras comprométese ao tratamento axeitado destes datos confidenciais conforme á normativa de protección de datos.



**DECLARO:**

Que non padece/n ningunha enfermidade que lle/s impida participar neste Campamento.

*(NOTA: esta declaración só se cubrirá no suposto de que o/s menor/es que desexan participar no campamento non presenten circunstancias de saúde.)*

**Autorizo:**

1.-  A consulta relativa a empadroamento das seguintes persoas no padrón municipal de habitantes.

NOME E APELIDOS	SINATURA
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

\*No caso do/os menor/es de idade será asinado polo pai/nai/titor.

2.-  Ao Concello de Oza-Cesuras para o cobro mediante domiciliación bancaria que se levará a cabo entre os días 1 e 10 de agosto 2020.

*(NOTA: Esta autorización se deberá marcar so no suposto de que a solicitude de inscrición se refire aos dous meses e restase por pagar o mes de agosto).*

3.- A cesión de fotografías realizadas nas actividades  SI  NON

4.- Ás seguintes persoas á entrega e recollida do/s menor/es anteriormente referidos:

NOME E APELIDOS	DNI
_____	_____
_____	_____
_____	_____

**OUTRA INFORMACIÓN:**

- No caso de URXENCIA AVISAR A \_\_\_\_\_ TELF. \_\_\_\_\_
- Datos médicos relevantes: Alerxias/intolerancias (se é positivo detallar cales) \_\_\_\_\_
- Calquera outra información de interese \_\_\_\_\_

E, en base ao exposto, **SOLICITA** a súa inscrición no “Campamento–Concilia en tempos de Covid-19” no seguinte horario:

- Opción 1 (Horario de 7:30h a 15:00h) no mes de  xullo e/ou  agosto de 2020
- Opción 2 (Horario de 7:30h a 14:00h) no mes de  xullo e/ou  agosto de 2020
- Opción 3 (Horario de 9:00h a 15:00h) no mes de  xullo e/ou  agosto de 2020
- Opción 4 (Horario de 9:00h a 14:00h) no mes de  xullo e/ou  agosto de 2020

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo/\_\_\_\_\_ (Pai/nai/titor/a)

